



XIII NIGRÁN AREA, CARREIRA POLA PRAIA

21 DE SETEMBRO DE 2024

Sociedad Atlética Val Miñor, NIF:G-36783991, Rexistro deporte Xunta de Galicia nº C-04639,
e-mail: savalmiñor@hotmail.com/paxina web: <http://www.atletismovalmiñor.com>



ART.1)

A Sociedad Atlética Val Miñor organiza coa colaboración do Concello de Nigrán, o sábado día 21 de setembro do 2024 a **XIII Nigrán Area, Carreira Pola Praia**, que dará comezo ás **11:00 horas na Praia de Panxón (Nigrán)**.

ART.2).

Poderán participar cantas persoas o desexen, estean ou non federadas. O control da carreira estará a cargo do comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

ART.3) CATEGORIAS, DISTANCIA HORARIOS E ORDEN DE SAIDA.

O horario aproximado establecido será o seguinte que, **PODERÁ SUFRIR MODIFICACIÓNS EN FUNCIÓN DOS INSCRITOS/AS**.

HORA	CATEGORÍA	ANO	DISTANCIA
11:00	Absoluta F/M	2008 e anteriores	6.000 m
12:00	Sub 16 F/M	2009/2010	2.000 m
12.15	Sub 14 F/M	2011/2012	1.500 m
12:30	Sub 12 F/M	2013/2014	1.000 m
12:40	Sub 10 F/M	2015/2016	500 m
12:50	Sub 8 F/M	2017/2018	300 m
13:00	Pitufos F/M	2019/2020	100 m



XIII NIGRÁN AREA, CARREIRA POLA PRAIA

21 DE SETEMBRO DE 2024

Sociedad Atlética Val Miñor, NIF:G-36783991, Rexistro deporte Xunta de Galicia nº C-04639,
e-mail: savalmiñor@hotmail.com/paxina web: <http://www.atletismovalmiñor.com>



Na carreira absoluta haberá as seguintes categorías:

Sub 18 2007/2008	Máster A de 35 a 44 anos
Sub 20 2005/2006	Máster B de 45 a 54 anos
Sub 23/ Senior ata Máster	Máster C de 55 anos en diante

Art.4) LUGAR DE SAIDA E PERCORRIDO DA MESMA.

A SAÍDA será dende o Porto de Panxón e discorrerá dende ese punto de saída e ata Praia América. Percorrido totalmente plano, sobre a area mollada da praia, tras a baixada da marea.

Art.5) INSCRICIÓN S.

Será obrigatorio: Nome e apelidos, data de nacemento, localidade, dni ou pasaporte, sexo, nº de licenza federativa si a ten, teléfono de contacto e nome do club no caso de non ser independente.

**** O prazo remata o mércores día 17 de SETEMBRO ás 23:59 horas,** a organización será rigurosa co período de peche das inscricións.

Non se tramitarán inscricións nin o día anterior, nin o mesmo día da carreira.

**** INSCRICIÓN S CARREIRA ABSOLUTA: DE SUB 18 A MÁSTER**

Terán un custe de 11 €.

(UN EURO DE CADA INSCRIPCIÓN SERÁ DESTINADO POLO CONCELLO DE NIGRÁN- CONCELLARIA DE DEPORTES A FOMENTAR O DEPORTE NOS CAMPOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS.)

Farase accedendo a páxina Web da Federación Galega de Atletismo no enlace:

<https://www.carreirasgalegas.com/>, onde será obrigatorio facer o ingreso dos 11 € con tarxeta na pasarela de pago e cubrir os datos solicitados no formulario.

No caso de cancelación da proba farase a devolución da cota na mesma forma de pago.

**** INSCRIPCIONS CARREIRAS PARA MENORES**

Nas categorías menores a inscrición é **GRATUITA.**

Realizarase a través da pax. web da Federación Galega de Atletismo no enlace: <https://www.carreirasgalegas.com/> cumprimentando os campos indicados a través do formulario de inscrición.

Art.6) RETIRADA DE DORSAIS.



XIII NIGRÁN AREA, CARREIRA POLA PRAIA

21 DE SETEMBRO DE 2024

Sociedad Atlética Val Miñor, NIF:G-36783991, Rexistro deporte Xunta de Galicia nº C-04639,
e-mail: savalmiñor@hotmail.com/paxina web: <http://www.atletismovalmiñor.com>



Os dorsais , serán entregados polo club organizador o día anterior á proba (20 de setembro) **no PABELLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES XURXO OTERO DE PANXÓN (NIGRÁN)**, situado na Avda de Gondomar,2 en horario de 16:30 a 20:30 horas e o mesmo día da proba na propia praia de Panxón, a partir das 09:00 horas da mañá, e ata 30 min. antes da celebración da carreira, debendo os atletas levar o dorsal visible e sen dobreces no peito, e respectar a publicidade impresa durante toda a proba. Ante calquer dúbida é imprescindible presentar o xustificante de pago para retirar o dorsal.

Art.7) PREMIOS.

FARANSE ENTREGA DOS PREMIOS UNHA VEZ QUE REMATEN TÓDALAS PROBAS, NA PROPIA PRAIA DE PANXÓN. Han de ser recollidos polos/as atletas en persoa o outra, que sea desigando/a polos premiados (previa comunicación a os organizadores da proba).

**** CATEGORÍA ABSOLUTA**

Trofeo para as 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira absoluta . **Os trofeos non serán acumulativos.**

**** SUB 18, SUB 20, SUB 23/SENIOR e MASTER A, B, C.**

Trofeo para o primeiro clasificado do Concello de Nigrán na categoría absoluta feminina e masculina. Os trofeos non serán acumulativos.

Otorgaranse trofeos aos tres primeiros de cada categoría tanto feminina como masculina. Os trofeos non serán acumulativos.

Haberá camiseta conmemorativa para os inscritos da carreira absoluta, ata fin de existencias.

**** CATEGORÍAS MENORES**

Entregarase trofeo aos tres primeiros clasificados nas seguintes categorías menores, tanto masculina como feminina:

SUB 8, SUB 10, SUB 12, SUB 14, SUB 16, e medalla conmemorativa a todos os **pitufos** ata fin de existencias. Os premios non serán acumulativos.

Art.8) MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

Todo corredor que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado. Da mesma maneira será motivo de descalificación que algún/a participante corra descalzo/a. Por motivos de seguridade os corredores deberán facelo con zapatillas de deporte, ou calquera calzado que cubra a planta do pe.

O peche do control na carreira absoluta, producirase o cabo de 50 minutos donde o comezo da proba.



XIII NIGRÁN AREA, CARREIRA POLA PRAIA

21 DE SETEMBRO DE 2024

Sociedad Atlética Val Miñor, NIF:G-36783991, Rexistro deporte Xunta de Galicia nº C-04639,
e-mail: savalmiñor@hotmail.com/paxina web: <http://www.atletismovalmiñor.com>



Art.9)

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Ademais non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Art.10) SERVICIOS.

- Avituallamento o fin da carreira.
- Haberá un servizo de ambulancia dispoñible durante o evento.
- A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes. A organización declina toda responsabilidade respecto aos incidentes físicos ou psicolóxicos, inmediatos ou posteriores, que poidan acontecer aos participantes desta carreira.
- Servizo de duchas no Pavillón de Panxón.
- Non haberá servizo de gardarroupa.

Art.11)

Todos os participantes polo feito de tomar a saída aceptan o presente regulamento. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista



XIII NIGRÁN AREA, CARREIRA POLA PRAIA

21 DE SETEMBRO DE 2024

Sociedad Atlética Val Miñor, NIF:G-36783991, Rexistro deporte Xunta de Galicia nº C-04639,

e-mail: savalmiñor@hotmail.com/paxina web: <http://www.atletismovalmiñor.com>



no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

ORGANIZACIÓN:

SOCIEDAD ATLÉTICA VAL MIÑOR COA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE NIGRAN – CONCELLARÍA DE DEPORTES.



Concello
de Nigrán



DEPORTE
GALEGO

XUNTA
DE GALICIA

NON